

Colexio Oficial de
Psicología de Galicia

MEMORIA 2009






MEMORIA 2009



MEMORIA 2009



EDITORIAL

POLA SAÚDE

Benqueridas compañeiras e compañeiros,

Un ano máis temos que facer Memoria das Actividades que durante o 2009 realizamos ao abeiro do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Foi o ano no que comezamos a tomar consciencia das importantes e imprevisíbeis consecuencias da crise financeira e económica, que asalta a vida das persoas e pon en risco non so os dereitos laborais senón sobre todo, o equilibrio vital e o benestar social. Esta situación socioeconómica, esixe máis que nunca que as ciencias en xeral, e a Psicoloxía en particular, estean preparadas para contribuír ás análises e achegar alternativas para construír formas de organización social, política e económica máis xustas e respectuosas co benestar persoal e social. Por iso, o 2009 foi un ano intenso para o COPG e para todas as e os profesionais que participaron da vida colexial, tentando desde as diferentes seccións, comisións e grupos de traballo mellorar a formación, incrementar o compromiso, a proxección pública e a contribución da Psicoloxía na procura de respostas aos diferentes problemas que temos que enfrontar neste inicio de século. Con todo, e a pesar dos complicados momentos que vivimos, o número de profesionais colexiadas/os incrementouse no último ano con novas incorporacións, a todas eles e elas dámoslle a benvida á organización colexial e desexámoslle éxito profesional.

Como lembraredes, o ano 2009 acompañámolo do lema “Pola saúde”, porque ademais de ser a saúde un ámbito de intervención transversal para as psicólogas e psicólogos, é un pilar do Estado de Benestar e un servizo imprescindible para o desenvolvemento e coidado das persoas, no que a Psicoloxía como saber e como profesión ten moito que achegar.

Coa idea de reflexionar, analizar e compartir detidamente ideas e experiencias sobre o noso quefacer profesional desenvolveuse o I Congreso Galego de Psicoloxía Clínica, ao que asistiron unhas 500 persoas e no que se abordaron diferentes temáticas da Psicoloxía Clínica. A realización deste I Congreso permitiunos constatar a madurez da Psicoloxía Clínica en Galicia en todos os aspectos.

O ano 2009 foi tamén o primeiro ano para outras moitas experiencias profesionais vangardistas e bo exemplo das importantes achegas da Psicoloxía. Desde comezos do ano véñse desenvolvendo un Programa Experimental de Mediación Intraxudicial froito dun Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Avogados de Santiago. Este proxecto pioneiro de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela permite que traballe un psicólogo e unha avogada impulsando a mediación familiar como técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia, co obxectivo de acadar acordos duradeiros e aceptábeis entre as partes.

Igualmente púxose en marcha un proxecto piloto (o primeiro en todo o Estado) en colaboración directa co Servizo provincial de penas e medidas alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior para desenvolver as *Xornadas de Concienciación* de seguridade viaria, dirixidas a aquelas usuarias e usuarios penados por delitos relacionados coa seguridade viaria e o tráfico a Traballos en Beneficio da Comunidade.

Ademais, este ano estreou actividade o Valedor das Colexiadas e Colexiados que desde 2008 asume unha tarefa tan indispensábel como intensa como a de defender firmemente os dereitos e intereses de todos/as os/as colexiados/as.

Tamén en 2009, celebramos por vez primeira o encontro *Achegas da Psicoloxía* e alí nos atopamos máis de 100 psicólogas e psicólogos de toda Galicia para asistir á entrega do premio *Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade* e á homenaxe ás compañeiras e compañeiros de profesión que cumpriron 25 anos de colexiación.

Todas estas actividades anovadoras e pioneiras, nas que o COPG e a Psicoloxía se van facendo cun espazo propio e distintivo, non eludiron o traballo diario e básico nas diferentes seccións, comisións e grupos de traballo. Durante todo o ano mantivéronse con enerxía as actividades de formación, tanto básica como especializada. Tampouco quedaron atrás en canto a actividades de coordinación e análise. Especialmente activos, a Comisión de Ética e Deontoloxía recibiu e resolveu un bo número de expedientes; o GIPCE foi activado en numerosas ocasións e o Grupo de Tráfico e Seguridade desenvolveu as *Xornadas de Concienciación* de seguridade viaria.

Desde o COPG seguimos traballando para que a Psicoloxía como disciplina científica ocupe o lugar que merece na sociedade. Fíxose fincapé na demanda ás administracións públicas da incorporación ou incremento de profesionais da Psicoloxía nos distintos servizos públicos: educación, sanidade, xustiza, sociais, etc.

Asemade participamos intensamente no *Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos* tanto a través da súa *Junta General* e *Junta de Gobierno* como nas coordinadoras estatais das distintas divisións profesionais, áreas e grupos de traballo. Neste marco hai que destacar a colaboración do COPG como entidade integrada no Comité Organizador do 14º Congreso Europeo de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, evento internacional celebrado nesta edición en Compostela.

Neste ano o Colexio integrouse na Unión Profesional de Galicia, entidade conformada por diversos colexios profesionais da nosa Comunidade Autónoma, participando en diferentes accións e actividades como aportacións e reivindicacións durante o proceso de tramitación da Lei Omnibus.

Esta intensa actividade colexial ten o seu reflexo na cada vez maior demanda que institucións públicas e privadas e medios de comunicación fan ao COPG para participar, facer aportacións e/ou intervencións sobre temas socialmente relevantes. Neste momento é un desafío poder atender ás demandas e necesidades que a sociedade civil, a través das súas asociacións e institucións, así como dos medios de comunicación, cando requiren do noso coñecemento e saber facer, sempre aberto e disposto ao intercambio enriquecedor para responder mellor á complexidade dos problemas contemporáneos.

Neste sentido, e en sintonía cunha importante parte da sociedade galega, que comproba como todos os indicadores sociolingüísticos diagnostican un difícil futuro para a lingua galega, por estar escasamente normalizado o seu uso nas xeracións novas, e ante a decisión do Goberno Galego de reducir o uso do galego no ensino, o Colexio Oficial de Psicoloxía elaborou e difundiu en diferentes ámbitos educativos, políticos e sociais o manifesto *A interpretación dos soños* sobre a importancia de protexer a nosa lingua, o patrimonio inmaterial máis importante e distintivo dunha comunidade humana.

Mantemos firme o noso propósito de facer do noso Colexio profesional un espazo para a aprendizaxe, a escoita, a participación e a acción que teña por finalidade contribuír a un mundo mellor, máis xusto e saudábel.

Esperámoste.

A Xunta de Goberno.

ÍNDICE

1. Estado da colexiación	9
2. Órganos de xestión	10
Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas	10
Xunta de Goberno	11
3. Comisión Ética e Deontoloxía	12
4. Valedor/a das Colexiadas e Colexiados	14
5. Seccións	15
Sección de Psicoloxía Clínica	15
Sección de Psicoloxía Educativa	21
Sección de Psicoloxía Xurídica	22
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	25
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	28
6. Comisións	30
Comisión Intersectorial de Mediación	30
Comisión Intersectorial de Inmigración	31
Comisión Intersectorial de Xénero	32
Comisión de Psicoloxía do Deporte	34
Comisión de Cultura	35
7. Grupos de Traballo	37
GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	37
Grupo de Tráfico e Seguridade	40
Grupo de Traballo dos Centros de Información á Muller	41
8. Convenios de Colaboración	42
Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero	42
Programa “Abramos o Círculo”	44
Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	45
Mediación Intraxudicial	45
“Xornadas de Concienciación” de Seguridade Viaria	46
Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS)	48
Universidade de Santiago de Compostela	49
Fundación Meniños	49
Concello de Santiago de Compostela	49

9. Servizo de Intervención en Psicología Forense.....	50
10. Beca Siota de Investigación en Psicología.....	51
11. Eventos colexiais.....	52
12. Representación Colexial nos Consellos da Administración.....	54
13. En representación do Colexio Oficial de Psicología de Galicia.....	55
14. Relacións e Colaboracións Institucionais.....	60
15. O Colexio Oficial de Psicología de Galicia e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos.....	65
16. Publicacións.....	68
17. Medios de Comunicación.....	70
18. Servizos Colexiais.....	74
19. Balances Económicos.....	77

ESTADO DA COLEXIACIÓN

1. A 31/12/2009

Altas	153
Última promoción	54
Outras promocións	82
Reincorporacións	10
Traslados	7

Baixas	94
Voluntarias	61
Por falta de pagamento de cotas	23
Traslados	10

Colexiados e colexiadas inscritos nas Seccións Profesionais do COPG

Sección de Psicoloxía Clínica	249
Sección de Psicoloxía Educativa	79
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	69
Sección de Psicoloxía Xurídica	108
Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	74

Total de colexiados e colexiadas
a 31-12-2009

2.181

2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS/OS

A Asemblea Xeral de Colexiadas/os é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- **26 de maio.** Sesión Ordinaria.
- **1 de decembro.** Sesión Ordinaria.



Sesión Ordinaria do 26 de maio



Sesión Ordinaria do 1 de decembro

2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

M^a Rosa Álvarez Prada

Decana

Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano

Coordinador da Comisión Intersectorial de Inmigración

Responsable da Páxina Web

Ana M^a Fieira Nogareda

Secretaria

M^a Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria

Responsable de Emprego

Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro

Xosé Lois Cea Nogueira

Vogal

Juan Manuel Daponte Codina

Vogal (Ata o 13 de febreiro de 2009)

Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación

José Luís Domínguez Rey

Vogal

Responsable da Circular Informativa

Correspondente de Infocop

Concha Fernández Fernández

Vogal

Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero

Eva Muíño Gómez

Vogal

Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

Antonio González Fernández

Vogal

Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía

Concepción Rodríguez Pérez

Vogal

Vogalía de Actividade Profesional Privada

Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal

Vogalía de Formación



Celebráronse un total de
9 reunións da Xunta de Goberno
e 6 reunións da Comisión
Permanente para a dirección
e xestión da actividade colexial.

3. COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

A Comisión Ética e Deontoloxía está formada por un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados/as pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 2 de febreiro
- 25 de abril
- 20 de maio
- 3 de xuño
- 25 de xuño
- 14 de xullo
- 1 de setembro
- 24 de setembro
- 21 de outubro
- 24 de novembro
- 12 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Elixio A. Domarco Álvarez
Presidente (Ata o 1 de decembro)

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
Presidente
(A partires do 1 de decembro)

Marta Rivas Rodríguez
Secretaria

Francisco Blanco Romero
(Ata o 1 de decembro)

M^a Ángeles Castro Díaz

Ana Díaz Vargas
(A partires do 26 de maio)

Rocío García Calvo
(A partires do 1 de decembro)

M^a José Ramil Fraga
(Ata o 26 de maio)

Vogais

Antonio González Fernández
Coordinación coa Xunta de Goberno



Comisión de Ética e Deontoloxía
ata o 1 de decembro

ACTIVIDADES

a) Denuncias:

Abríronse quince expedientes durante 2009 e a súa situación é a que segue:

- 4 expedientes son admitidos a trámite, quedando resoltos tres e un en proceso de instrución.
- 4 expedientes non se admiten a trámite.
- 2 expedientes teñen abertas dilixencias preliminares.
- 1 expediente está en proceso de subsanación de documentación polo denunciante.
- 1 expediente está derivado a outro Colexio Oficial de Psicólogos.
- 3 expedientes están pendentes de avaliar, xa que entraron o 29 de decembro.

b) A Comisión participou nas seguintes actividades:

- Modificase o Regulamento de Queixa.
- Valoración dun caso que é remitido polo Valedor dos/as Colexiados/as, informando da actuación do psicólogo implicado como acorde ó noso código de ética e deontoloxía.
- Impartición dun módulo sobre ética e deontoloxía nun Máster de Psicoxerontoloxía para psicólogos e psicólogas.



Comisión de Ética e Deontoloxía
a partir do 1 de decembro

4. VALEDOR/A DAS COLEXIADAS E DOS COLEXIADOS



José Manuel Pazos Riveiro
Valedor das/os Colexiadas/os

A figura do/a Valedor/a das Colexiadas e dos Colexiados ven especificada nos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, concretamente no capítulo XI, como un/unha defensor/a dos dereitos e intereses de todos/as os/as colexiados/as perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das/os Colexiadas/os:
José Manuel Pazos Riveiro

- Enviouse carta ás presidentas e presidentes das Seccións solicitando a súa colaboración e o remite de aqueles temas ou situacións nas que os psicólogos/as sentisen os seus dereitos lesionados ou esquecidos polas Administracións e/ou daqueloutras cuestións nas que a actuación do Valedor puidese axudar para a súa solución ou mellora.
- Tres colexiadas/os recorreron ao Valedor reclamando atención sobre dos seus asuntos. Dous deses recursos sustanciáronse por outras vías. No terceiro caso, unha/un colexiada/o solicitaba do Valedor a defensa da súa actuación profesional diante das críticas públicas vertidas por outro profesional da saúde.
- O Valedor levou adiante o seu labor solicitando o asesoramento da Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio, que ditaminou que a actuación do psicólogo, neste caso, atópase dentro das súas competencias, é correcta e acorde coa Ética e Deontoloxía profesional, non tendo vulnerado con ela ningún dos artigos recollidos no Código Deontolóxico da/o psicóloga/o. Puxéronse, despois, en marcha os procedementos establecidos e chegouse ao ditame e resolución final, remitida ás partes.

5. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de 5 Seccións Profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

5.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 27 de xaneiro
- 17 de marzo
- 12 de maio
- 1 de xullo
- 15 de setembro
- 13 de outubro
- 10 de novembro
- 20 de novembro
(Asemblea de Socios/as)

Composición da Xunta directiva ata o 25 de novembro (foto da esquerda) e a partires do 25 de novembro (foto da dereita)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Ata o 25 de novembro:

Mercedes Castro Bal
Presidenta

Ma^a del Pilar Millán Cerqueiro
Vicepresidenta

Xavier Sardiña Agra
Secretario

Manuel Castro Bouzas
Tesoureiro

Yolanda Castro Casanova
Rosa Cerqueiro Landín
Dolores González Cabaleiro
José Javier González Hermida
Delia Guitián Rodríguez
Vogais

A partires do 25 de novembro:

Xavier Sardiña Agra
Presidente

Delia Guitián Rodríguez
Vicepresidenta

Rosa Cerqueiro Landín
Secretaria

Manuel Castro Bouzas
Tesoureiro

Carlos Álvarez García
Aurea Álvarez Rodríguez
Ignacio Dopico González
Mercedes Fernández Cabana
Javier González Hermida
Vogais



ACTIVIDADES

a) I Congreso Galego de Psicoloxía Clínica:

Datas: 28, 29 e 30 de maio

Lugar: Centro Cultural Caixanova de Vigo

Comité Organizador: Miguel Anxo García Álvarez (Presidente) / Xavier Sardiña Agra (Secretario) / Jorge Bajo Lema / Manuel Castro Bouzas / Celia Cameselle Taboada / Juan Daponte Codina / Ignacio Dopico González / Manuel Lopo Lago / M^a del Pilar Millán Cerqueiro / Casilda Oujo Fernández / Roberto Varela Conde.

Comité Científico: Miguel Anxo García Álvarez (Presidente) / Xavier Sardiña Agra (Secretario) / Felisa Balboa Cardoso / Francisco Blanco Romero/ Jacinto Casas Araújo / Marisol Filgueira Bouza / Rocío García Calvo / Isabel González-Abraldes Iglesias / Dolores González Cabaleiro/ Santiago Lago Canzobre / Gonzalo Martínez Sande / María José Pérez Vázquez / Encarnación Sueiro Domínguez / María Victoria Vilán Pérez.

Neste Congreso, ao que asistiron unhas 500 persoas, falouse de psicoterapias, da evolución da profesión do psicólogo clínico, do trastorno por déficit de atención, de adolescencia, de trastornos aditivos, tanto no campo da prevención como no asistencial, de saúde sexual, neuropsicoloxía, psicoxeriatria, rehabilitación, psicoloxía legal e forense, violencia de xénero, psicoloxía da saúde, etc. Ademais presentáronse 33 comunicacións orais e 28 póster sobre estes e outros temas que interesan aos nosos profesionais. Recollemos como principais conclusións sobre a organización do Congreso os seguintes puntos:

- O cumprimento do programa científico foi superior ao 95% do previsto.
- A dimensión social desenvolveuse conforme ao anticipado no referido ás actividades organizadas, e o *clima* do Congreso mantivo unha tónica xeral de cooperación e boa disposición das/os congresistas cara os contidos e intercambios profesionais.
- A enquisa de satisfacción destaca pola súa participación (cantidade de exemplares entregados) e a valoración positiva do mesmo.

Todas estas achegas dannos unha dimensión do que se está facendo na nosa comunidade, tendo cumprido cos obxectivos, entre outros, de darlle protagonismo aos e ás profesionais de Galicia no campo da psicoloxía clínica e de fomentar o intercambio e a difusión de coñecementos.



Conclusións sobre o estado actual da Psicoloxía Clínica en Galicia:

- A realización do Congreso permitiunos constatar a madurez da Psicoloxía Clínica en Galicia: dende a formación, o exercicio profesional, a inserción en institucións sanitarias e a estrutura organizativa do colectivo de profesionais da Psicoloxía Clínica.
- Levamos trinta anos formando psicólogos que teñen como motivación principal para iniciar a licenciatura a expectativa de desenvolver o seu futuro exercicio profesional no eido da Psicoloxía Clínica.
- Ó longo do tempo, a Universidade ven ampliando o seu obxecto de investigación inicialmente situado nos procesos básicos para chegar dar respaldo á investigación en tratamentos e intervencións clínicas. O corpo teórico acadado permite que o traballo profesional se leve a cabo de xeito mais rigoroso e dando respostas mais axeitadas ás necesidades da poboación.
- Logrouse, a día de hoxe que a formación PIR se ampliara a 4 anos, o que supón outra forma de recoñecemento da nosa madurez profesional.
- Os tratamentos psicolóxicos teñen demostrado a súa utilidade, eficacia e validez.
- Alcanzamos un nivel formativo que permite manter unha actitude comprensiva entre compañeiros de distintos enfoques ou ámbitos asistenciais. Dende o desexo de entendemento entre as distintas escolas, ámbitos de traballo e experiencias profesionais constatouse que é moito máis o que nos une que o que nos diferencia. A diversidade é unha riqueza e non un problema.
- Durante a nosa andaina, sempre tivemos presente a necesidade dunha boa formación en aspectos éticos, e por iso nos dotamos dun código deontolóxico propio. Na nosa historia estivemos na continua mellora e adaptación do mesmo ás necesidades cambiantes que agora mesmo a realidade sanitaria ten refrendado. Este debe ser un das nosas columnas fundamentais.
- Acadamos o recoñecemento do máximo nivel dentro das institucións públicas sanitarias como facultativos especialistas.
- A sociedade ten lexitimado o exercicio profesional da Psicoloxía Clínica, evidenciándose isto na potente rede de asistencia psicolóxica no eido da práctica privada.
- Tamén acadamos a madurez na consolidación de asociación científicas e profesionais.



Resumo de Propostas para a Psicoloxía Clínica galega:

1. Detectamos importantes carencias nos contidos clínicos da formación pregrao en Psicoloxía. Propoñemos que se inclúa na formación pregrao de Psicoloxía aspectos teóricos e prácticos que asenten as bases de futuras especializacións no ámbito clínico.
2. Propoñemos que a vía para acadar a especialidade en Psicoloxía Clínica sexa grao, máster e dende aí o acceso ao PIR.
3. Propoñemos una redución no número de alumnos nas facultades de Psicoloxía para permitir a mellora na calidade da formación.
4. Solicitamos un aumento das prazas PIR, comezando pola convocatoria de tódalas prazas acreditadas en cada convocatoria anual.
5. A necesidade de desenvolvemento da prevención con detección de poboacións de risco e implantando neste proceso ás familias, aos profesionais educativos e ao resto dos axentes sociais.
6. Manter un continuo cuestionamento da validez de novos construtos referidos ás patoloxías.
7. Manter que en moitas ocasións na nosa práctica teremos que facer un traballo multiprofesional e multidisciplinar, e que isto nos vai esixir unha actitude aberta cara as aportacións dos outros.
8. O compromiso de transmisión do noso coñecemento profesional cara os novos profesionais e cara a sociedade.
9. Demandar ás institucións que a política sanitaria se adapte ás necesidades da poboación e non ás necesidades profesionais nin institucionais.
10. A Psicoloxía Clínica pode e debe participar na xestión nos niveis macro, meso e micro da asistencia sanitaria, expoñendo alternativas organizativas.
11. É insostible poder manter unha atención clínica psicolóxica sen que os psicólogos clínicos participen de modo activo e decisorio en todos os niveis da organización sanitaria.
12. A Sección de Psicoloxía Clínica do COPG debe comprometerse na creación dun clima que favoreza o encontro, o diálogo e o acordo nos diferentes aspectos da mesma realidade asistencial.





Aproximación práctica á terapia de parella



XIV Xornada da Sección de Psicoloxía Clínica



Anuario número 4

b) Cursos de formación:■ *Psicoeducación nos Trastornos Bipolares*

Datas: 13 e 14 de marzo

Docente: Francésc Colóm i Victoriano, Psicólogo do Institut d'Investigacions Biomèdiques August Pii Sunyer do Hospital Clínic i Provincial de Barcelona.

■ *Aproximación práctica á terapia de parella*

Datas: 18 de abril

Docentes: Carlos Álvarez García, Psicólogo Clínico da USM IV de Conxo (Santiago de Compostela), Yolanda Castro Casanova, Psicóloga Clínica do Hospital Psiquiátrico Cabaleiro Goas (Toén – Ourense).

c) Xornadas da Sección:

■ XIV Xornada da Sección de Psicoloxía Clínica

co título *Actualización en Trastornos de Ansiedade*

Datas: 20 de novembro

Lugar: Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía da USC (Santiago de Compostela).

Comité Organizador:

Carmen Lorenzo Rumbao, Presidenta

Melania Beceiro Rico, Vogal

Comité Científico:

Rosa Cerqueiro Landín, Presidenta

Olaia Carrera Guermeur, Vogal

d) Anuario de Psicoloxía Clínica:

■ Comité de Redacción composto por:

Gonzalo Martínez Sande

Director

Rosa Cerqueiro Landín

Marisol Filgueira Bouza

Delia Guitián Rodríguez

Manuel Santiago Lopo Lago

José Antonio Muñiz Torrado

Rosa Rey Pousada

José Luis Rodríguez-Arias Palomo

■ *Anuario de Psicoloxía número 3*

Edición en formato dixital composta coa maioría dos relatorios presentados no I Congreso Galego de Psicoloxía Clínica. Este número contou cun comité de redacción “incidental” composto por: Xavier Sardiña Agra (Director), Jorge Bajo Lema, Ignacio Dopico González, Roberto Varela Conde.

■ *Anuario de Psicoloxía número 4*

Edición en formato dixital que trata sobre a Psicoloxía Clínica da Saúde en Galicia.

e) Grupos de Traballo:

■ Grupo de traballo dos/as titores/as dos/as psicólogos/as internos/as residentes:

Composición: Santiago Lago Canzobre (Coordinador)/Mercedes Castro Bal/ Miguel Anxo García Álvarez/ M^a del Carmen Martínez Sánchez/ Gonzalo Martínez Sande /Julia Amalia Rodríguez Suárez.

En relación cos contidos da residencia, dende a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia comunicouse que están a traballar nunha homoxeneización da docencia de todos os/as residentes (médicas/os, psicólogas/os....), por isto inicialmente paralizaron a súa actividade á espera de concretarse este proxecto da Consellería.

En relación coa defensa das condicións de traballo dos/as PIR, o grupo de titoras/es está a coordinar a solicitude de atención continuada para todas as áreas sanitarias que teñen acreditada a formación PIR, reclamada tamén desde AGAPIR.

■ Grupo de traballo para o seguimento do Plan Estratéxico de Saúde Mental da Xunta de Galicia:

Composición: Manuel Castro Bouzas (Coordinador)/ Gonzalo Martínez Sande/ José Berdullas Barreiro/ Raquel Lagares Rodríguez/ Manuel Araújo Gallego.

Realizáronse documentos preliminares sobre o Plan Estratéxico de Saúde Mental.

■ Grupo de traballo de Neuropsicoloxía:

Composición: José Javier González Hermida (Coordinador)/ Irene Martínez Montero/ Rocío García Calvo/ Xavier Sardiña Agra.

Este grupo foi creado para organizar un programa de docencia continuado en neuropsicoloxía para os vindeiros anos.

f) Modificación do Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía Clínica para adaptalo consonte ao estipulado no Regulamento Marco das Seccións Profesionais do COPG.

g) Mercedes Castro Bal, Presidenta, e Delia Guitián Rodríguez, Vogal, asistiron ás **reunións coa Mesa Galega da Psicoloxía Clínica**.

h) Elaboración do documento **“En defensa da Psicoloxía Clínica na atención sanitaria pública”**.

i) **Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación, Xénero e de Inmigración.

j) **Participación na Comisión do Regulamento Marco das Seccións Profesionais do COPG**.

5.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 3 de xaneiro
- 27 de maio
- 1 de xullo
- 7 de outubro
- 4 de novembro
- 19 de decembro
(Asemblea de Socios/as)



Xunta directiva ata o 24 de decembro



Xunta directiva ata o 24 de decembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Ata o 24 de decembro:

Olegaria Mosqueda Bueno
Presidenta

María Moya Casares
Secretaria

José Carlos Cardama Barrientos
Tesoureiro

Mª Concepción Pazo Ferreiro
Alfredo Fornos Pérez

Manuela del Palacio García

Onésimo Juncos Rabadán
(ata o 29 de novembro)

Mª Belén Álvarez Sande
(a partires do 29 de novembro)
Vogais

A partires do 24 de decembro:

Olegaria Mosqueda Bueno
Presidenta

Manuela del Palacio García
Vicepresidenta

Mª Concepción Pazo Ferreiro
Secretaria

José Carlos Cardama Barrientos
Tesoureiro

Mª Belén Álvarez Sande

Mª Asunción Teijeira Bautista

Alejandro Luis Vaghetti Jou
Vogais

ACTIVIDADES

a) Xornadas da Sección

■ XI Xornadas da Sección de Psicoloxía Educativa

Ponente: Manuel Lopo Lago. Psicólogo Clínico. Práctica Privada.

Datas: 19 de decembro.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

b) Modificación do Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía Educativa para adaptalo consonte ao estipulado no Regulamento Marco das Seccións Profesionais do COPG.

c) Participacións nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación, Xénero e de Inmigración.

d) Participación na Comisión do Regulamento Marco das Seccións Profesionais do COPG.



XI Xornadas da Sección de Psicoloxía Educativa

5. 3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 10 de xaneiro
- 17 de xaneiro
- 24 de xaneiro
(Asemblea de Socios/as)
- 14 de febreiro
- 9 de maio
- 5 de xuño
- 27 de xuño
- 26 de setembro
- 5 de decembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Carmen Morell Muñoz

Presidenta

Ana Suárez Martínez

Vicepresidenta

Rubén Villar Trencó

Secretario

Ana Izquierdo Galante

Tesoureira

Clara Isabel Fernández Rodicio

M^a Isabel Rodríguez Prego

Julita M^a Touriño Araújo

Juan Carlos Forneiro Casas

José Manuel Varela Alonso

Vogais

ACTIVIDADES

a) Cursos de formación:

- *Expectativas dos/as xuíces/xuízas sobre o traballo dos/as peritos/as psicólogos/as*

Data: 24 de xaneiro

Ponente: Antonio Piña Alonso. Maxistrado-Xuíz titular do Xulgado de Instrución nº 2 de Ourense.

- *A mente criminal: Unha aproximación aos agresores sexuais*

Datas: 20 e 21 de febreiro

Docentes: Jorge Sobral Fernández, Catedrático de Psicoloxía Social da USC. Mario Piñeiro Vázquez, representante do Ministerio Fiscal. Benito



Xunta Directiva



Curso "Expectativas dos/as xuíces/xuízas sobre o traballo dos/as peritos/as psicólogos/as"



Curso "A mente criminal: Unha aproximación aos agresores sexuais"

López de Abajo, Director do IMELGA. Marta Medrano Varela, Médico Forense do IMELGA. Demelsa Cabeza Moreno, psicóloga do Centro Penitenciario de Bonxe (Lugo).

■ *Lei penal do/a menor. Avaliación do risco*

Curso de formación interna para socias/os da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.

Datas: 16 de outubro

Docente: Clara Isabel Fernández Rodicio. Psicóloga e Profesora Asociada da Facultade de Educación da Universidade de Vigo.

■ *Alcance e Limitacións das Periciais Psicolóxicas*

Organizado en colaboración co Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)

Datas: 26 de novembro e 3 de decembro

Docentes: Ana Rey, Psicóloga do IMELGA. Miguel Clemente Díaz, Catedrático de Psicoloxía Social e Xurídica da UDC.

■ *Informes periciais psicolóxicos en acoso laboral e sexual.*

Valoración e intervención integral

Datas: 27 e 28 de novembro

Docentes: Marta Durántez Gil, Fiscal Delegada de siniestralidade laboral de Pontevedra. Miriam González Pablo, Psicóloga das Oficinas Xudiciais da Comunidade de Madrid.



Curso “Lei penal do/a menor. Avaliación do risco”



Curso “Alcance e Limitacións das Periciais Psicolóxicas”



Curso “Informes periciais psicolóxicos en acoso laboral e sexual. Valoración e intervención integral”

b) Xornadas da Sección:**■ Terapia de supervivencia e valoración integral nos casos de violencia de xénero**

Datas: 15 e 16 de maio

Ponentes: David Shapiro e Lenore Walker, Profesores de Psicología no Center of Psychological Studies da South Eastern University (Florida – EE.UU.)

Lugar: Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Educación da USC (Santiago de Compostela).

Coordinadoras: Ana Izquierdo Galante e Carmen Morell Muñoz.

c) Grupos de Traballo:**■ Grupo de Traballo para a elaboración dunha Guía de Boas Prácticas**

Coordinadora: Julita M^a Touriño Araújo

Colaboradoras: Ana Luisa Udías e Carmen Morell Muñoz

Familia: Ana Molins de Sas, Carlos Evaristo Domínguez Robledo, José Antonio Varela Alonso e Julita M^a Touriño Araújo.

Credibilidade da testemuña a menores: José Antonio Varela Alonso, Juan Carlos Forneiro Casas, Luisa Fidalgo Rodríguez, Concepción Cendón Dacosta, Blanca Navarro Munaiz e Joaquín Prieto Flores.

Valoración de moobbing: Beatriz Dorrio Lourido, Emma Diéguez Teijeiro, Ana Belén Vidal Ramos e Julita M^a Touriño Araújo.

d) Participación na Comisión de Periciais do COPG.**e) Participación nas Comisión Intersectoriais do COPG de Mediación, Xénero e Inmigración.****f) Participación na Comisión do Regulamento Marco das Seccións Profesionais do COPG.****g) Modificación do Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicología Xurídica** para adaptalo consonte ao estipulado no Regulamento Marco das Seccións Profesionais do COPG.**h) Adquisición de novos títulos para o fondo bibliográfico sobre Psicología Xurídica.**

Grupo de Traballo para a elaboración dunha Guía de Boas Prácticas

5.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 10 de febreiro
- 5 de maio
- 6 de outubro
- 3 de decembro



Xunta Directiva

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

José Luis Domínguez Rey
Coordinador

José Manuel Campal Fernández
Mónica Couso Fuentes
Ana M^a Fieira Nogareda
Concepción López Martín
Eva Muíño Gómez
Carlos Montes Piñeiro
M^a Concepción Prado Álvarez
Vogais

ACTIVIDADES

a) Foro “Iniciativas e emprego. Organizacións distintas, xacementos novos”

Data: 25 de abril de 2009

Lugar: Salón de Actos do COPG

Coordinador: José Luis Domínguez Rey

Ponencias:

- *A mediación como novo espazo de traballo.*
Ponente: Juan Manuel Daponte Codina, Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación do COPG.
- *A xestión das políticas activas de emprego desde o ámbito local: O Servizo Municipal de Emprego.*
Ponente: Emilio Lesta Casal, Xefe do Departamento de Emprego do Concello da Coruña.
- *O rol do/a orientador/a profesional. Adaptándonos ás circunstancias. Intervención desde o Modelo de competencias.*
Ponente: M^a Concepción Prado Álvarez, Responsable de Emprego do COPG e Orientadora Laboral do Concello de Fene.
- *A oportunidade de emprego no Sistema Público de Servizos Sociais en tempos de crise económica. O caso do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia.*
Ponente: Santiago Porta Dovalo, Xefe de Servizo de Servizos Sociais do Concello da Coruña.



Foro: “Iniciativas e emprego. Organizacións distintas, xacementos novos”

b) Sesións informativas:

■ **Psicoloxía do Traballo: Xestionando persoas**

Destinadas a estudantes de 5º curso da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Datas: 11 e 17 de novembro

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC

Coordinador: José Luis Domínguez Rey

Xestionando Necesidades e Persoas na Empresa

Data: 11 de novembro

Ponente: Olaya Ricoy Moure, Coordinadora de Recursos Humanos TECNOCOM

As novas competencias na xestión de recursos humanos

Data: 17 de novembro

Ponente: Santiago Medín Díaz, Responsable de Selección de Persoal GES Consultores Analistas.

c) **14º Congreso Europeo de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións: “O desenrolo das persoas na organización do século XXI: Unha perspectiva global e local”**

Datas: do 13 ao 16 de maio

Lugar: Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela

A Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG formou parte do Comité Organizador deste evento internacional, auspiciado pola EAWOP e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos, que contou coa colaboración da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



“As novas competencias na xestión de recursos humanos”



14º Congreso Europeo de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



d) Organización da “Coordinadora Estatal de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos” en Santiago de Compostela.

Data: 15 de maio

Lugar: Sede do Colexio Oficial de Psicología de Galicia

Asisten: 19 representantes de COPs.

e) Elaboración da seguinte documentación:

- Documento informativo de uso interno:
Entrevista da selección baseada en competencias. Xaneiro 2009.
- Dossiers informativos de uso interno:
Software de xestión de RR.HH. 2009. Outubro 2009.
Algunhas cuestións sobre o coaching. Outubro 2009.
Directorio de empresas de traballo temporal 2009. Novembro 2009.

f) Arquivo de publicacións da Sección

- *Capital Humano*
- *Training&Development Digest*
- *Harvard Deusto Business Review*
- *Psicología do Traballo e das Organizacións*
- *Sociología do Traballo*
- *Dirección y Organización*

g) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación, Xénero e Inmigración.

h) Participación na Comisión do Regulamento Marco das Seccións Profesionais do COPG.



Coordinadora Estatal de Psicología do Traballo,
das Organizacións e dos Recursos Humanos

5.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 17 de xaneiro
- 9 de maio
- 5 de setembro
- 31 de outubro
- 14 de novembro
(Asemblea de Socios/as)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

M^a Jesús López Cernadas
Presidenta

David Facal Mayo
Vicepresidente

M^a José Fares Varela
Secretaria

Elena Seoane de la Fuente
Tesoureira

Encarnación Álvarez Gallego

Leonor Galiana Caballero

Ignacio Vázquez Rodríguez

Isabel González-Abraldes Iglesias

Elena Bastos Expósito
Vogais

ACTIVIDADES

a) Cursos de formación:

- Obradoiro *Alfabetización Emocional*
Data: 9 de maio
Lugar: Salón de Actos do COPG
Docentes: Elena Seoane de la Fuente e Leonor Galiana Caballero.



Composición da Xunta Directiva



Obradoiro “Alfabetización Emocional”



b) Xornadas da Sección:

■ I Xornada de Intervención Social e Terceiro Sector

Datas: 14 de novembro

Lugar: Salón de Actos do COPG

c) Grupos de Traballo:

■ Grupo de Traballo sobre a elaboración do informe psicosocial

Composto por:

M^a Elena Bastos Expósito

Cristina Fontaíña García

M^a Jesús Calvo Camba (ata o 3 de marzo)

Ana Rosa Viturro Dieste (a partires do 3 de marzo)

d) Elaboración e difusión dun tríptico sobre as funcións do/a profesional da Psicología dos servizos sociais.

e) Presentación dun póster informativo sobre as funcións do/a profesional da Psicología dos Servizos Sociais no I Congreso Galego de Psicología Clínica.

f) Recollida de información para a creación dunha base de datos dos/as socios/as da sección que estean dispostos/as a colaborar e participar en distintas actividades.

g) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG de Xénero, Mediación e Inmigración.

h) Participación na Comisión do Regulamento Marco das Seccións Profesionais do COPG.

i) Modificación do Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicología da Intervención Social para adaptalo consonte ao estipulado no Regulamento Marco das Seccións Profesionais do COPG.



I Xornada de Intervención Social e Terceiro Sector

Grupo de Traballo sobre a elaboración do informe psicosocial

6. COMISIÓNS

6.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 21 de xullo
- 2 de outubro
- 11 de decembro

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por un/unha representante de cada unha das seccións nomeado/a por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as/os colexiadas/os coma nas institucións e na sociedade en xeral.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Juan Manuel Daponte Codina
Coordinador

Áurea Losada Quinteiros
Clínica

María Moya Casares
Educativa

M^a Elena Bastos Expósito
Intervención Social

José Luís Domínguez Rey
Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

M^a Isabel Rodríguez Prego
Xurídica



Composición da Comisión

ACTIVIDADES

O coordinador da Comisión presentou as seguintes ponencias:

- *A mediación como novo espazo de traballo* ao abeiro do Foro *Iniciativas e emprego: Organizacións distintas, xacementos novo* organizada pola Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG o 25 de abril.
- *Servizos de apoio na resolución de crises familiares*, organizado pola Consellería de Benestar e Traballo da Xunta de Galicia. Setembro 2009.
- *Xornadas de Mediación*, curso de verán organizado pola USC. Setembro 2009.
- *O conflito, resolución de conflitos, mediación* conxuntamente con M^a Isabel Rodríguez Prego, representante da Sección de Psicoloxía Xurídica na Comisión Intersectorial de Mediación, ao abeiro do *I Curso de iniciación á mediación penal*, organizado polo Ilustre Colexio de Avogados de Ourense o 5 de novembro.



Ponencia “O conflito, resolución de conflitos, mediación”

6.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE INMIGRACIÓN

Está composto por un/unha representante de cada unha das seccións nomeado/a por cada unha destas.

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 28 de abril
- 16 de xuño
- 6 de novembro



Composición da Comisión

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Hipólito Puente Carracedo

Coordinador

Yolanda Castro Casanova

Clínica

José Manuel Pazos Riveiro (ata o 16 de xuño)

Educativa

M^a Belén Álvarez Sande (a partires o 16 de xuño)

Educativa

M^a Jesús López Cernadas

Intervención Social

M^a Concepción Prado Álvarez

Psicoloxía do Traballo e da Organizacións

José Antonio Varela Alonso

Xurídica

ACTIVIDADES

- a) **Actualización do “Plan estratéxico de cidadanía e integración”** da Secretaría de Estado de Emigración e Inmigración do Ministerio de Trabajo.
- b) **Planificación e preparación dun dossier** para presentar ao Consello Galego de Inmigración da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.

6.3. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

Está composto por un/unha representante de cada unha das seccións nomeado/a por cada unha destas xunto coa coordinadora da Comisión dos CIM e os coordinadores dos programas de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero e “Abramos o Círculo”.

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 4 de marzo
- 3 de xuño
- 22 de outubro
- 11 de novembro
- 16 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concha Fernández Fernández
Coordinadora

Rosa Cerqueiro Landín
Clínica

Manuela del Palacio García
Educativa

M^a José Fares Varela
Intervención Social

M^a Concepción Prado Álvarez
Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Carmen Morell Muñoz
Xurídica

Margarita de la Calle Bermejo
Comisión CIM

Joaquín Prieto Flores
Programa Abramos o Círculo

Manuel Lopo Lago
Programa de Atención Psicolóxica
a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero



Composición da Comisión

ACTIVIDADES

a) Xornada de Análise:

■ *Intervención Psicológica en violencia de xénero*

Datas: 21 de novembro

Lugar: Hotel NH Obradoiro (Santiago de Compostela)

Ponentes: Manuel Lopo Lago, coordinador do programa PAPMVVX do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; Joaquín Prieto Flores, coordinador do Programa “Abramos o Círculo” do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; e Yolanda Castaño Pereira, escritora e crítica literaria.

b) Coordinación dos obradoiros sobre “Xénero e coidado de persoas dependentes” en colaboración co Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia, dirixidos especialmente a mulleres do ámbito rural.

No primeiro semestre do ano impartíronse nos concellos de: Barro, Fornelos de Montes, Ponte Caldelas, Portas e Soutomaior, na provincia de Pontevedra; Ares, Boiro, Cabana de Bergantiños e Fene, na provincia da Coruña e A Teixeira e Vilardevós, na provincia de Ourense.

c) Participación nas “IV Xornadas estatais contra a violencia de xénero”, celebradas en Valencia os días 13 e 14 de novembro e organizadas pola Área de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de COP.

d) Desenvolvemento dun Seminario de formación sobre “Organización e dinámicas de traballo da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG”, no Colexio Oficial de Psicólogos de Tenerife o 31 de outubro.



Xornada de Análise “Intervención Psicológica en violencia de xénero”

6.4. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

REUNIÓN

■ 7 de febreiro



Comisión de Psicoloxía do Deporte

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

M^a Dolores González Fernández
Coordinadora

Eva García Quinteiro
Secretaria

Cristina de Francisco Palacios
Graciela Lois Río
Rut Otero Triñanes
Julio Prol Bao
Mario Salvador Fernández
Iria Salvador Pérez
Delfina Vicente Santiago

ACTIVIDADES

- a) **Aportacións ao manifesto do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia** en relación a situación da Educación Física no ensino secundario.
- b) **Colaboración no CD** interactivo sobre Valores no Deporte da *Fundación Educación, Deporte y Salud* (FEDYS).
- c) **Aportacións** para a creación do borrador do Regulamento de Réxime Interno da División de Psicoloxía do Deporte do Consejo General de COP.

6.5. COMISIÓN DE CULTURA



Exposición de pintura *Viaxe polo país da fantasía, a creatividade, a cor...*

Ao longo do 2009 a Comisión de Cultura organizou as seguintes actividades:

a) Exposicións de Pintura:

- Exposición de pintura *Viaxe polo país da fantasía, a creatividade, a cor...*

Data: Do 16 de xuño ata o 15 de xullo.

Autora: María Pienso Linares, psicóloga.

Lugar: Sede do COPG

- Exposición de pintura *Elementos: Terra, auga e aire*

Data: Do 1 de decembro ata o 31 de decembro.

Autoras: Encarnación Álvarez Gallego

e M^a del Carmen Torres Maroño, psicólogas


Lugar: Sede do COPG

Manifestamos desde aquí o agradecemento de toda a Xunta de Goberno do Colexio pola xenerosidade que amosaron ao ter feito doazón ao COPG Carmen Lago Quevedo e Enrique Galindo Bonilla de cadanseu cadro e Encarnación Álvarez Gallego de 2 cadros.



Pinturas da parte superior:
Enrique Galindo Bonilla e
dúas pinturas de Encarnación
Álvarez Gallego

Pintura da parte inferior:
Carmen Lago Quevedo



**b) II Concurso Literario do COPG
“Rosa de Cen Follas” de poesía e narrativa**

Xurado:

M^a Rosa Álvarez Prada. Decana

Concepción Rodríguez Pérez. Coordinadora da Comisión de Cultura

Joel Gómez. Xornalista

Alberte Momán Noval. Escritor

O Concurso Literario foi convocado no mes de maio e ao mesmo presentáronse un total de 54 obras. O fallo do xurado fíxose público o 7 de xullo, que acordou por unanimidade outorgar o premio na modalidade de poesía a *Arar o mar* de Enrique Galindo Bonilla e na modalidade de narrativa a *Emigración* de Carlos Méndez Leis. A entrega dos premios aos gañadores tivo lugar o 15 decembro.



Entrega de premios do II Concurso
Literario do COPG “Rosa de Cen Follas”

7.

GRUPOS
DE TRABAJO7.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES
E EMERXENCIAS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 21 de xaneiro
- 16 de febreiro
- 16 de marzo
- 20 de abril
- 25 de maio
- 6 de xullo
- 3 de agosto
- 14 de setembro
- 19 de outubro
- 16 de novembro
- 14 de decembro



Comisión Coordinadora

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana Isabel Martínez Arranz

Coordinadora

José Luís Domínguez Rey (ata o 6 de xullo)

José Ramón García Gomez

Alejandra Garralón Comesaña

Elena González Cid

Concepción López Martín

M^a José López Torroán (ata o 6 de xullo)

M^a Luz Losada Somoza

Ana M^a Núñez Rubines

Aurora Rozadilla Arias

Isabel Vázquez Prado

ACTIVIDADES

a) Actividades Formativas:

- Curso *Intervención psicológica inmediata con intervinientes en situacións críticas*
 Datas: 13 e 14 de febreiro
 Docentes: Enrique Parada Torres, especialista en psicoloxía de urxencias, emerxencias e catástrofes e supervisor nacional do IPSE (Intervención Psicolóxica Especializada)
 Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC
- Curso *O dó en situacións de catástrofe e emerxencia II*
 Data: 18 e 19 de setembro
 Docente: Alberto Fernández Liria, psiquiatra coordinador de Saúde Mental da área 3 de Madrid.
 Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC
- Curso Básico *Intervención psicosocial en catástrofes*
 Data: 23 e 24 de outubro
 Docentes: Elena Puertas López e Isabel Vera Navascués, psicólogas da Dirección General de Protección Civil.
 Lugar: Edificio Policial das Lonzas (A Coruña)

■ *Curso Actuación médico-forense e da policía científica en sucesos con múltiples vítimas*

Data: 12 de decembro

Docentes: Domingo Antonio Rodríguez Marzoa, inspector xefe da policía científica de Santiago de Compostela e Fernando Serrulla Rech, médico forense do IMELGA.

Lugar: Facultade de Psicoloxía

■ Seminario práctico:

A coordinación nas intervencións

Data: 12 de decembro

Docentes: Ana Isabel Martínez Arranz, Rocío García Calvo, Isabel Cabado Fidalgo, Guadalupe López Canosa, M^a Jesús Taboada Costas, M^a Leonor Galiana Caballero, M^a Carmen Patiño García e M^a Leticia Cariñena Amigo, psicólogas membros do GIPCE.

Lugar: Centro de Saúde de Acea da Ma (Culleredo)

b) Participación nas seguintes actividades

■ Impartición dunha sesión formativa sobre “Primeiros auxilios psicolóxicos”, organizada polo Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG. Celebrada o 21 de novembro na sede do COPG.

■ Asistencia á xornada técnica “Planificación e intervención psicosocial en emerxencias e catástrofes”, organizada pola Dirección General de Protección Civil do Ministerio del Interior e celebrada o 2 de decembro en Madrid.

c) Documentación

Realización e posterior envío do boletín do GIPCE nos meses de marzo e xuño con información sobre a Comisión Coordinadora, as accións formativas, alertas e intervencións e outra información de interese.



Curso *O dó en situacións de catástrofe e emerxencia II*



Curso *Actuación médico-forense e da policía científica en sucesos con múltiples vítimas*

d) Mobilizacións e intervencións

- **12 de febreiro.** Cambre (A Coruña). Alerta. Non foi necesaria a intervención.
- **22 de marzo.** Friol (Lugo). Prealerta interna por un accidente de tráfico. Non foi necesaria a intervención.
- **3 de abril.** Intervención en colaboración coa Asociación de Recuperación da Memoria Histórica e co Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA).
- **23 de abril.** Vilalba (Lugo). Intervención por un accidente mortal.
- **26 de abril.** Taboadela (Ourense). Intervención por un dobre homicidio.
- **8 de xuño.** Simulacro REDIMO 09. Simulacro de accidente aéreo no aeroporto de Santiago de Compostela organizado dende o Ministerio de Defensa e que contou coa actuación de todos os medios do aeroporto e do exterior que se verían implicados no tratamento dun accidente real.
- **21 a 31 de agosto.** Toén (Ourense). Unha primeira intervención pola desaparición dunha moza e unha posterior intervención pola aparición do cadáver.
- **24 de setembro.** Boiro (A Coruña). Alerta polo incendio dunha fábrica. Non foi necesaria a intervención.
- **7 a 30 de novembro.** Intervención polo secuestro do pesqueiro Alakrana na costa de Somalia.
- **3 de decembro.** Redondela (Pontevedra). Asesoramento telefónico pola aparición dun cadáver dunha menor. Non foi necesaria a intervención.



Seminario práctico: *A coordinación nas intervencións*



Simulacro de accidente aéreo no aeroporto de Santiago de Compostela

7.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

REUNIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 6 de febreiro
- 22 de abril
- 19 de maio
- 30 de xuño
- 24 de setembro
- 10 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez
Coordinadora

Eduardo Anoeta Rodríguez
Pilar Casal Devesa
Rosa M^a Domínguez Cameán
Carlos Gestal Gestal
María Mariño Barca
M^a Jesús Sánchez Peteiro
Juan Bonome Rodal



Comisión Coordinadora

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABAJO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 4 de abril
- 21 de novembro

ACTIVIDADES

a) Actividades formativas

- *Experiencias en programas con penados/as*

Data: 4 de abril

Docente: Demelsa Cabeza Moreno. Psicóloga do Centro Penitenciario de Bonxe (Lugo)

Lugar: Sede do COPG

- *Primeiros auxilios psicolóxicos nun accidente de tráfico*

Data: 21 de novembro

Docentes: Ana Isabel Martínez Arranz e Concepción López Martín.

Psicólogas da Comisión Coordinadora do Grupo de Intervención

Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG

Lugar: Sede do COPG

b) Participación nas seguintes actividades

- Impartición de senllas charlas informativas o 9 de xaneiro, 18 de febreiro e 11 de marzo dentro do plan do Concello de Vilagarcía de Arousa



Primeiros auxilios psicolóxicos nun accidente de tráfico



Experiencias en programas con penados/as



Presentación da comunicación
“Diferenzas de xénero na condución”



Presentación da ponencia “Personalidade
e emocións como predictoras na condución”

(Pontevedra) establecido co obxectivo de reducir a siniestralidade dos peóns nese concello.

- Presentación da comunicación “Xornadas de concienciación” na mesa “Ou-tras alternativas aos delitos contra a seguridade viaria” ao abeiro do VI Congreso Español de Criminoloxía celebrado en Santiago o 19 e 20 de xuño.
- Presentación da ponencia “Personalidade e emocións como predictoras na condución” dentro do IX Congreso Nacional de Centros de Recoñecemento para a Seguridade Viaria (RECOSEVIAL) celebrado o 19, 20 e 21 de xuño en Calatayud (Zaragoza).
- Impartición das Xornadas de Formación de Mediadores Xuvenís en Seguridade Viaria organizadas pola Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia o 22 de xuño.
- Presentación da comunicación “Diferenzas de xénero na condución” dentro do II Congreso Internacional de Prevención de Riscos nos Comportamentos Viarios (PRECOVER 09), organizado pola Universidade de Valencia e celebrado o 6 e 7 de novembro en Valencia.
- Presentación da ponencia “Atención e urbanidade” na VIII Xornada Galega de Seguridade Viaria organizada pola Policía Local da Coruña o 19 de novembro.
- Asistencia a tres reunións de traballo (febreiro, abril e novembro) coa Unidade de Investigación en Prevención e Tratamento de Problemas de Conduta (UDIPRE) da Facultade de Psicoloxía da USC dentro do marco do Convenio de Colaboración USC- COPG específico de Tráfico.

c) Documentación elaborada

- Elaboración do dossier das “Xornadas de Concienciación” para a prensa.
- Elaboración do manifesto en apoio do Día Internacional das Vítimas da Violencia Viaria.
- Desenvolvemento dos guións das sesións do programa “Xornadas de Concienciación” xunto cos correspondentes recursos didácticos.

7.3. GRUPO DE TRABAJO DOS/AS PSICÓLOGOS/AS DOS CIM

COMPOSICIÓN DO GRUPO

Margarita de la Calle Bermejo
Coordinadora

Elena González Cid
Valentín López Aira
Ángeles Pazos Sieira
Montserrat Pérez Suárez
José Manuel Valdivia Moreno

ACTIVIDADES

- a) Participación da Coordinadora do Grupo
na **Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.**

8.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

8.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase dentro do marco do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Vense renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADOR

Manuel Lopo Lago

ACTIVIDADES

a) Xornadas de formación:

- *Traballando con nenos e nenas vítimas directas ou indirectas da violencia de xénero*
Data: 26 de setembro
Docente: Manuel Herrera Rodríguez. Psicólogo clínico.
Lugar: Facultade de Psicología da USC

c) Actividades formativas impartidas polo coordinador:

- *Xornada de formación en violencia de xénero* impartida por Manuel Lopo Lago para os módulos de formación profesional nivel superior de Xardín de Infancia e Integración Social. Organizadas polo Colexio San José de la Guía. Vigo, 30 de xaneiro.
- O coordinador do programa, Manuel Lopo Lago, participou como ponente na mesa redonda *Recursos sociosanitarios para as mulleres que sofren violencia de xénero*, que tivo lugar ao abeiro do *I Congreso Nacional de Violencia de Xénero e Saúde* organizado polo Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 11, 12 e 13 de febreiro.
- Docencia impartida polo coordinador do programa nos módulos sobre

Violencia, poder e xénero e As vítimas da violencia no Master de Mediación organizado pola Facultade de Dereito da USC. Santiago de Compostela, xuño.

- Manuel Lopo Lago participou como ponente do relatorio *A atención psicolóxica. O tratamento da vítima. O tratamento do agresor*, que tivo lugar ao abeiro dun curso do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) sobre prevención da violencia de xénero, celebrado do 21 ao 29 de setembro na Coruña, organizado pola Delegación do Goberno en Galicia.
- **O coordinador do programa participou como ponente no relatorio *Mulleres que sofren violencia de xénero, que tivo lugar ao abeiro das VIII Xornadas técnicas violencia de xénero, organizadas pola Asociación contra la Violencia de Género “Maeve”. Sama de Langreo (Asturias), 6 e 7 de novembro.***
- Conferencia-Coloquio *A experiencia do programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero*, impartida por Manuel Lopo Lago nas Xornadas de Análise *Intervención psicolóxica en violencia de xénero*, organizadas pola Comisión Intersectorial de Xénero do COPG. Santiago de Compostela, 21 de novembro

d) Participación do coordinador do programa na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.

e) Intervencións:

- O equipo de psicólogos/as que traballan ao abeiro do programa consta de 58 profesionais en toda a Comunidade.
- Ao longo do ano incorporáronse ao programa un total de 264 novos casos, ademais de manterse as incorporadas en anos anteriores que continuaban activas. Foron incorporados un total de 81 menores dependentes das novas usuarias.
- En total foron atendidas 454 mulleres e 154 menores.

8.2. PROGRAMA “ABRAMOS O CÍRCULO”

Programa incluído no Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Vense renovando anualmente desde 2001.

COORDINADOR

Joaquín Prieto Flores

ACTIVIDADES

a) Actividades de formación:

■ *Xornada de formación anual para os psicólogos e psicólogas do programa*

Data: 27 e 28 de febreiro

Docentes: Violeta Rodríguez Carballal, xefa da unidade de coordinación de violencia contra a muller da Delegación do Goberno; José Antonio Vázquez Taín, xuíz do xulgado do Penal nº 2 da Coruña; José Armando García Veiro, policía local de Vigo no seguimento das ordes de alexamento; Mónica Teijeiro Pazos, xefa de grupo operativo da brigada provincial da Policía Xudicial de Lugo; Javier Rey Ozores, fiscal do xulgado de violencia de xénero da Coruña.

Lugar: Sede do COPG

b) Actividades formativas impartidas:

■ Conferencia-Coloquio *Abramos o Círculo: A experiencia do programa de intervención psicolóxica con homes que exercen violencia machista*, impartida por Joaquín Prieto Flores nas Xornadas de Análise *Intervención psicolóxica en violencia de xénero*, organizadas pola Comisión Intersectorial de Xénero do COPG. Santiago de Compostela, 21 de novembro.

■ Participación de Carmen Morell Muñoz, psicóloga adscrita ao programa, nas Xornadas organizadas polo Concello de Marín. Marín, 23 de novembro.

■ Participación no Congreso de Enfermería de Urgencias. Santiago de Compostela, 27 de novembro.

c) Participación do coordinador do programa **na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.**

d) Intervencións:

■ O equipo de psicólogos/as que traballan ao abeiro do programa consta de 22 profesionais en toda Galicia.

■ En total foron atendidos 89 homes, dos cales 59 tratábanse de novos casos e 30 eran casos incorporados en anos anteriores.

8.3. INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en Materia de Protección Civil. Vense renovando anualmente desde 1998.

O obxecto deste convenio é aportar apoio á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG ven sostendo un Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), ver epígrafe 7.1 desta Memoria, organizado en forma de rede activable, con capacitación técnica e dotado da necesaria estrutura organizativa. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

8.4. PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL



Sinatura do Convenio de Colaboración

O 23 de xaneiro levouse a cabo en Santiago de Compostela a sinatura do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Avogados de Santiago para a implantación dun Programa Experimental de Mediación Intraxudicial.

A través do convenio asinado desenvolveuse un programa experimental de mediación intraxudicial gratuita en Santiago de Compostela, mediante a constitución dun equipo permanente de mediación composto por un psicólogo e unha avogada que traballaron en directa conexión cos fiscais dos xulgados e coa propia xudicatura.

Este proxecto pioneiro impulsou a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo duradeiro e mutuamente aceptable entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos menores do núcleo familiar.

O servizo atendeu 36 casos nunha área de poboación dun 5% de Galicia. Destes casos a totalidade aceptaron estar na sesión informativa presencial. Destes, un 63% aceptaron facer a mediación. Nun 50% dos casos acadáronse acordos nunha duración media de tres sesións. En canto á satisfacción dos/as cidadáns/cidadás que utilizaron o servizo, as enquisas din que nove de cada dez considera a mediación moi beneficiosa, aínda que non se acaden acordos. En case oito de cada dez destacan o poder expresar o seu punto de vista, a neutralidade dos/as mediadores/as, ou que o tempo dedicado foi o suficiente. Dos casos recibidos, pódese dicir que se distribúen en separacións/divorcios, modificación de medidas e execución de títulos xudiciais en canto a parellas e tamén situacións que teñen que ver coa relación de avós/avós e netos/as, en temas relacionados con incapacidades.

8.5. “XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN” DE SEGURIDADE VIARIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e Seguridade, levou a cabo un proxecto piloto en colaboración directa co Servizo provincial de penas e medidas alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior para desenvolver as “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria, dirixidas a aquelas usuarias e usuarios penados por delitos relacionados coa seguridade viaria e o tráfico a Traballos en Beneficio da Comunidade.

Esta experiencia foi pioneira, xa que foi a primeira que se desenvolveu en todo o Estado Español, e partiu da necesidade de contar con alternativas para traballar na concienciación viaria. O proxecto, cunha duración dun ano, comezou no mes de xuño en Santiago de Compostela.



Rolda de prensa para presentar as “Xornadas de Concienciación”

O 6 de xuño M^a Jesús Sánchez Peteiro e Rosa Domínguez Cameán, membros da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade, iniciaban a experiencia en Santiago de Compostela coa posta en práctica do primeiro grupo do proxecto piloto “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria.

O 10 de outubro iniciouse o segundo grupo das “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria en Santiago de Compostela, coordinado por María Mariño Barca e Teresa Antelo Silva, membros da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade.

Tamén o 10 de outubro celebrouse o comenzo do primeiro grupo de “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria na Coruña coordinado por Eduardo Anoeta Rodríguez e Juan Bonome Rodal, membros da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade.

O 14 de novembro comezou o primeiro grupo de “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria en Vigo, coordinado por Eva Muíño Gómez, Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, xunto con Teresa Antelo Silva e María Mariño Barca, membros da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade.



8.6. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a Educación, o Deporte e a Saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes... e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén, permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de Cursos, Seminarios ou Xornadas.

Finalmente, pensamos que unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos/as deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto os/as que están en activo como os/as xa retirados/as.



8.7. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da USC co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia dos/as infractores/as de tráfico.

8.8 CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Meniños Fundación para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

8.9. CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio de colaboración asinado o 18 de maio de 2009 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela.

Este convenio establece como fin a formación práctica de participantes no Proxecto Persoa IV, financiado polo Fondo Social Europeo e que desenvolve o Concello de Santiago de Compostela a traveso da súa Concellaría de Promoción Económica e Emprego.

9.

SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE



O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos/as peritos/as perante á Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cun listado ordenado de psicólogos/as, para responder ás demandas que se fagan á Institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdicionais e das Administracións Públicas. Este Listado, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito Penal
- Dereito Civil
- Dereito Laboral, Social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei de Axuizamento Civil, fíxose envío a tódolos xulgados do civil de Galicia dos listados de psicólogos/as peritos/as dispostos a actuar na área de intervención de Dereito Civil, para a súa designación directa por parte dos xulgados.

No correspondente ás outras áreas de intervención, é o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia quen fai as designacións en resposta ás solicitudes recibidas desde os xulgados.

10.

**BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN
EN PSICOLOXÍA****VI EDICIÓN DA BECA SIOTA****Composición do Comité Seleccionador desta edición:**

M^a Rosa Álvarez Prada
Ana M^a Fieira Nogareda
Carlos Álvarez García
Rosa Cerqueiro Landín
Ana Jartín Abreira
Gloria Seoane Pesqueira

O Comité Seleccionador da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, acordou na súa reunión do 20 de xaneiro de 2009, unha vez valorados os proxectos presentados, declarar deserta a Beca na súa VI Edición ao estimar que ditos proxectos non acadan os criterios básicos que debe cumprir un proxecto de investigación.

11. EVENTOS COLEXIAIS

11.1 ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2009

En 2009 o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebrou por vez primeira o encontro ACHEGAS DA PSICOLOXÍA. Foi o 6 de febreiro, no Hotel Monumento San Francisco, en Santiago de Compostela, e a el asistiron máis de 100 psicólogas e psicólogos de toda Galicia.

Ao abeiro deste encontro, fíxose entrega do premio *Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade*, que distingue á persoa, institución ou asociación que teña colaborado co COPG contribuíndo ao desenvolvemento da Psicoloxía.

Este galardón leva o nome en memoria da que foi a nosa compañeira Dolores Llópiz Pereiro, para recoñecer a súa implicación e xenerosidade co Colexio, co que participou activamente durante máis de dez anos.

A Xunta de Goberno do COPG acordou a concesión do Premio *Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade*, na súa edición de 2009, ao xornalista Joel Gómez, por ter contribuído á sensibilización social coa divulgación da Psicoloxía nos medios de comunicación dende hai moitos anos. Sempre disposto a colaborar co Colexio coa súa entrega e dedicación desinteresada.

De seguido homenaxeouse ás compañeiras e compañeiros de profesión que cumpriron 25 anos de colexiación ininterrompida facéndolles entrega dunha distinción colexial.

No acto acompañounos o escritor Paulo Meraio e a cantautora Guadi Galego.



11.2. ENCONTRO DE NOVOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

O 15 de decembro tivo lugar o Encontro de benvinda a todos os colexiados e colexiadas que durante o ano 2009 se decidiron a formar parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Durante o acto desenvolveuse unha conferencia-coloquio impartida por José Manuel Pazos Riveiro, colexiado G-0001, que falou do Código Deontolóxico e as actitudes e comportamentos que esixe dun psicólogo/a e Manuel Filgueira Lois, colexiado G-0002, que abordou o tema da Psicoloxía en Galicia desde os seus inicios, destacando o papel pioneiro no desenvolvemento científico e profesional da mesma no estado español.

Ao final do acto fíxose entrega dos premios do II Certame Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia “Rosa de cen follas”, tanto na modalidade de poesía como de narrativa.



12.

**REPRESENTACIÓN COLEXIAL
NOS CONSELLOS****Consello Galego de Servizos Sociais***Titular:* M^a Teresa Hermida Pérez*Suplente:* Encarnación Álvarez Gallego**Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña***Titular:* Encarnación Álvarez Gallego*Suplente:* M^a Ángeles Castro Díaz**Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo***Titular:* Isolina Rodríguez López*Suplente:* Julio González Morandeira**Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense***Titular:* José Antonio López Fontelo*Suplente:* Isabel Blanco Yáñez**Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra***Titular:* Felisa Balboa Cardoso*Suplente:* M^a Jesús Cejudo López**Consello Galego de Saúde***Titular:* Mercedes Castro Bal*Suplente:* Xavier Sardiña Agra**Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo***Titular:* Ana M^a Fieira Nogareda**Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo***Titular:* Irene Esperón Rodríguez**Consello Municipal de Saúde do Concello
de Santiago de Compostela***Titular:* Concepción Rodríguez Pérez**Consello de Deporte de Galicia***Titular:* María Dolores González Fernández

13.

EN REPRESENTACIÓN
DO COPG

- A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero COPG, Concha Fernández Fernández, asistiu o 22 de xaneiro a unha reunión do Observatorio Galego da Infancia, organizado pola Secretaría Xeral do Benestar da Xunta de Galicia.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Olegaria Mosqueda Bueno; o Valedor dos colexiados/as, José Manuel Pazos Riveiro e o Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, acudiron ao I Encontro Nacional de Profesionais de Psicoloxía da Educación, celebrado en Barcelona os días 30 e 31 de xaneiro e organizado polo Consejo General de COP.
- A Presidenta da Sección de Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu o 4 de febreiro a unha reunión xunto con representantes do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores de Galicia e do Colexio de Diplomados/as en Traballo Social de Galicia, para tratar sobre a creación de grupos abertos de discusión no que se tratarían temáticas de interese común dos tres colectivos.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero COPG, Concha Fernández Fernández, participaron os días 11, 12 e 13 de febreiro no *I Congreso Nacional de Violencia de Xénero e Saúde* organizado polo Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia.
- A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, asistiu o 19 de febreiro a un “Road Show” dirixido a concienciar aos/as adolescentes de secundaria, desenvolvido na Facultade de Dereito da USC en Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou nos actos de conmemoración da Festividade da Facultade de Psicoloxía, que se celebraron o 20 de febreiro.
- A Vogal da Xunta Directiva da Sección de Intervención Social do COPG, Encarna Álvarez Gallego, asistiu o 2 de abril a unha reunión xunto con representantes do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores de Galicia e do Colexio de Diplomados/as en Traballo Social de Galicia, para tratar sobre a creación de grupos abertos de discusión no que se tratarían temáticas de interese común dos tres colectivos.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou como moderadora da conferencia impartida por Javier Urra “*Falamos e o solucionamos: Estratexias de diálogo entre nais/pais-fillas/os*”, organizada pola Fundación M^a José Jove no marco do Terceiro Foro M^a José Jove e celebrada o 28 de febreiro en A Coruña.



M^a Rosa Álvarez Prada participou nos actos de conmemoración da Festividade da Facultade de Psicoloxía

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu ao *Acto de Homenaxe a Oito Mulleres que abren camiños*, organizado polo Concello de Santiago de Compostela o 6 de marzo.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero, Concha Fernández Fernández, participaron na mesa de debate sobre violencia de xénero, celebrada o 17 de abril e organizada polo Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de elaborar un novo plan municipal de igualdade de oportunidades.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou na xuntanza do Comité Organizador do Foro Mundial da Educación 2010, do cal o COPG é membro, celebrada en Santiago de Compostela o 24 de abril.
- A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, acudiu o 28 de abril a unha reunión coa Policía Local de Vilagarcía para valorar as intervencións realizadas así como outras posibles colaboracións.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto inaugural do Congreso Internacional sobre a Infancia, organizado pola Unidade de Atención Temprá da Universidade de Santiago de Compostela, que tivo lugar en Santiago o 30 de abril.
- A Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Elena Bastos Expósito, participou nunha reunión da Comisión Interdisciplinar do Programa Marco de Educación Familiar, organizada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia o 12 de maio.
- O Valedor das colexiadas/os do COPG, José Manuel Pazos Riveiro, acudiu á presentación do monográfico sobre “Necesidades educativas. Diversidade e inclusión” da Revista Galega de Educación, que tivo lugar o 20 de maio en A Coruña.



Acto inaugural do Congreso Internacional sobre a Infancia



Xuntanza autoconvocada sobre a Marcha Mundial pola Paz e a Non Violencia

- A Secretaria da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a José Fares Varela, acudiu a unha xuntanza no Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia en Santiago de Compostela, que tivo lugar o 25 de maio onde se tratou sobre o ESPAZO DIALOGA, espazo común de promoción e apoio do noso labor profesional no eido dos servizos sociais en Galicia, formado polos colexios profesionais de Psicoloxía, Educadoras e Educadores Sociais e Traballadores Sociais.
- O Valedor das colexiadas/os do COPG, José Manuel Pazos Riveiro, participou nunha xuntanza organizativa das entidades galegas que conforman o Comité Organizador do Foro Mundial da Educación 2010, celebrada en Santiago de Compostela o 28 de maio.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto de presentación do libro de texto para 6º curso de educación primaria de “Educación para a cidadanía e os dereitos humanos”, que tivo lugar o 4 de xuño na Librería Couceiro de Santiago de Compostela.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, Eva Muíño Gómez, asistiu ao VI Foro contra a Violencia Viaria celebrado o 4 de xuño en Madrid e organizado pola asociación Stop Accidentes.
- A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, asistiu o 14, 15, 16 e 17 de xullo a un Curso de Verán da USC sobre Tráfico e Seguridade Viaria organizado polo Colexio de Avogados de Santiago.
- O representante suplente do COPG no Consello Galego de Saúde da Xunta de Galicia, Xavier Sardiña Agra, acudiu a unha sesión ordinaria do mesmo celebrada o 21 de xullo.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora da Comisión de Cultura, Concepción Rodríguez Pérez, participou o 24 de xullo na Galería das Ideas do Festigal na mesa de debate “Feminismo, dereitos sexuais e reprodutivos”, organizada pola Fundación Galiza Sempre.
- A Presidenta da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, acudiu a unha xuntanza no Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia en Santiago de Compostela, que tivo lugar o 8 de setembro onde se tratou sobre o ESPAZO DIALOGA.
- A Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa, M^a Concepción Pazo Ferreiro, participou na xuntanza do Subcomité Galego do Foro 2010, celebrada en Santiago de Compostela o 26 de setembro.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora da Comisión de Cultura, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu o 14 de outubro a unha xuntanza autoconvocada sobre a Marcha Mundial pola Paz e a Non Violencia, organizada polo Seminario Galego de Educación para a Paz, co obxecto de organizar e celebrar un acto propio en Santiago de Compostela o día 25 de outubro.
- M^a Teresa Hermida Pérez, formou parte do tribunal de selección de persoal do Concello de Dodro para a selección dunha psicóloga para un contrato financiado polo Plan de Cooperación cos concellos (PCC) da Consellería de Traballo.



- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, a petición da Alcaldía de Ourense, é membro da Comisión Cívica para a posta en marcha da redacción dun Plan Municipal de Civismo do Concello de Ourense.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concha Fernández Fernández, asistiron o día 20 de outubro á exposición *Feminismo galego. Cambios sociais e dereitos das mulleres* organizada pola Fundación Galiza Sempre en Santiago de Compostela.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora da Comisión de Cultura, Concepción Rodríguez Pérez, participou o 22 de outubro na rolda de prensa con motivo do acto “Marcha Mundial pola Paz e a Non Violencia”, celebrada no Club Internacional de Prensa, organizada polo Seminario Galego de Educación para a Paz.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o día 3 de novembro á primeira reunión da Comisión Cívica do Concello de Ourense, coa fin de redactar o Plan Municipal de Civismo do Concello. Posteriormente o COPG designou como representante da citada Comisión Cívica a Alicia Rodríguez Nespereira
